



A miña avoa

A miña avoa chámase Pilar. Ten 75 anos. Vive na nosa casa con nos.

Eu lévome ben con ela porque me quita os paus. Dedícase a dar aos porcos. Ten catro irmáns. Non ten coche. Eu creo que non é nada moderna.

Sabe facer a comida, e dar ás vacas. Aprendeume a facer as filloas. Non viaxa case nunca. Ten dous fillos.

Gústalle muxir as vacas e engordalas.

Rubén 1º ESO

A miña avoa chámase Milagros e ten 55 anos. Naceu en Cernadas e vive na casa onde estou eu: casa do Caseto.

A miña relación con ela é moi boa porque me cubre dos castigos, dame cartos e cómprame moitas cousas.

Eran tres irmáns. Ela só tivo dous fillos.

A miña avoa non ten coche pero sabe facer moitas cousas como, por exemplo, facer filloas, dar ás vacas, muxir, facer a comida.

É moderna, gústalle levar cousas modernas e aprendeume moitas cousas e a facer as filloas. Dedícase a traballar na casa, e namais viaxou a Bilbao e Barcelona cando era nova.

Iván López Álvarez 1º ESO

A miña avoa chámase Pilar, ten 55 anos. Naceu en Arandedo, pero vive en Lugo con Domingo. Tiña quince irmáns. Lévome moi ben con ela.

Aprendeume a cociñar. Prepara moi ben a comida. A que máis me gusta é a tarta.

É bastante moderna, ten un restaurante en Lugo. Tamén ten un coche: Un Citroën gris.

Aitor Dacosta Villares 1º ESO



O meu avó

O meu avó chámase José. Ten 63 anos. Vive comigo e naceu onde vivo eu, en Vilanova, na casa do Zapateiro. A miña relación con el é moi boa porque me cubre dos castigos e dame cartos.

Non viaxou. Namais son dous irmáns. El tivo tres fillos e non se pode considerer moderno. Non ten coche. Sabe dar ás vacas e mugir. Dedíase á gandeiría. Gústalle dar ás vacas, e coidalas. Aprendeume historias da súa época, e polo que vexo, é moi diferente á nosa.

Luís Caloto 1º ESO

O meu avó morreu fai seis meses. Chamábase Camilo. Morreu con 76 anos, el vivía en Paradela co meu tío Isidro e máis a miña tía Marta e tamén coa miña prima Jessica.

A el gustáballe pasear e por eso nunca tivo un coche. Só o usou para ir de viaxe a Barcelona para conseguir diñeiro para manter aos seus dez fillos. Ten tres irmáns máis que aínda están vivos. En total eran dous irmáns e dúas irmás.

Non era nin antigo nin moderno porque lle gustaba a música moderna e tamén a antiga. Tamén lle gustaba moito que tódolos irmáns estivesen xuntos. Sabía facer moitas cousas pero o que sabía facer mellor era tocar instrumentos: pandeireta, a gaita...

A miña relación con el era moi bonita porque me contou moitas cousas e moitas aventuras que viviu na "mili" e en barcelona'.

Aprendeume a tocar os instrumentos que xa dixen.

E así acaba toda a historia do meu avó.

Belén Fernández 1º ESO



Historias de avós

Vouvos contar unha historia de amor, de venganza e de cariño. O libro titúlase "¿Quién quiere a los viejos?".

Violeta é unha anciana que está namorada do seu veciño Evaristo. Nese barrio vivía unha señora chamada Rosa, co seu marido Jacinto e o seu fillo Pablo, que lle vai axudar a Evaristo a encontrar a Violeta.

Violeta ten unha sobriña chamada Josefina. Josefina viña visitar a Violeta cada catro semanas aproximadamente, pero só viña por diñeiro.

Un día Evaristo decidiu pedirlle a man de Violeta á súa sobriña, pero antes pediulle axuda a Rosa quen lle deu todo o seu apoio. Cando Evaristo lle pediu a man a Josefina, aí empeza todo o lío. Josefina díxolle que xa llo diría a Violeta, pero tiña medo de que se casaran e así quedar sen a súa herdanza.

Josefina levouna para a súa casa e cando lle quitou todo o diñeiro e o piso, abandonouna.

Belén Fernández 1º ESO